



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Módulo I. Lexislación social I

CONVOCATORIA: Convocatoria Xustiza

GRUPO: Cursos Xustiza

ÁREA: Itinerarios formativos

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	25
ADMINISTRACIÓN:	XUSTIZA	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2023
MOD.IMPARTICIÓN:	TELEFORMACIÓN	TIPOLOXÍA:	XERAL	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 24/03/2023 - 06:00h ao 31/03/2023 - 23:55h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Trátase de proporcionar unha formación avanzada sobre as disposicións xerais da Lei de procedemento laboral e a tramitación do procedemento ordinario, cun estudo fundamentalmente práctico dende unha perspectiva dunha tramitación informática áxil.

Farase fincapé tamén nunha das modalidades procesuais máis habituais nos Xulgados do Social coma son os despedimentos.

O enfoque do curso pretende ser de carácter práctico, cunha visión esquemática do procedemento, para que o/a destinatario/a do curso teña unha visión clara e ordenada das normas reguladoras e principios xerais do procedemento laboral e dos trámites procesuais e resolucións con guías e esquemas de tramitación en Minerva-Nox.

DESTINATARIOS

Empregados/as públicos/as e membros das bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de Xustiza, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

PROGRAMA

MODULO I: O proceso laboral: Principios que o informan. Competencia obxectiva e territorial. Cuestións de competencia. Abstención e recusación. As partes procesuais, a representación, a defensa, a intervención dos sindicatos e do Fondo de Garantía Salarial.

MODULO II.- A acumulación de procesos. Os actos procesuais. A evitación do procedemento: A conciliación previa, a reclamación previa.

MODULO III.- Actos preparatorios. Dilixencias preliminares. Anticipación e medidas de garantía da proba. As medidas preventivas. O procedemento ordinario.

MODULO IV.- Os despedimentos: O despedimento disciplinario, a extinción do contrato por causas obxectivas, os despedimentos colectivos por causas económicas, organizativas, técnicas ou de produción ou derivadas de forza maior. A execución provisional das sentenzas de despedimento. A execución das sentenzas firmes de despedimentos. A reclamación ao Estado de pagamentos de salarios de tramitación nos procedementos por despedimento.

CRITERIOS DE SELECCIÓN
Criterios xerais da EGAP.

3. DATOS EDICIÓNS

T01		
LOCALIDADE: TELEFORMACIÓN		INICIO / FIN: 13/04/2023 a 08/05/2023
NUM. PRAZAS: 50	ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)	DATA EXAME: 11/05/2023 ás 19:00h
DOCENTES NOMEADOS		
MANUEL PARDO CID		
TEODORO FERNANDEZ GONZALEZ		
LUGAR DE REALIZACIÓN		
Exame en liña		